

## **BASES E CONVOCATORIA**

### **PRIMEIRA.** Obxecto

O obxecto das axudas será o de fomentar a investigación colaborativa no marco do IDEGA entre cando menos dous grupos de investigación distintos.

### **SEGUNDA.** Réxime xeral

O IDEGA convoca, en réxime de concorrencia competitiva, dous proxectos a desenvolver no Centro. A partida orzamentaria será o Programa de Apoyo da USC a centros e institutos de investigación consolidados e emerxentes. A contía máxima establecida será de 7.500€ para cada proxecto.

A axuda será administrada pola Dirección do IDEGA, que atenderá aos gastos estipulados na proposta a petición do/a IP, axustándose á tipoloxía de gasto marcada na partida orzamentaria do Programa de Apoyo da USC a centros e institutos de investigación consolidados e emerxentes.

### **TERCEIRA.** Características das axudas

Os proxectos colaborativos que son obxecto destas axudas desenvolveranse no ano 2025. A xustificación económica tense que realizar como data límite o 15/10/2025.

As axudas terán como fin a realización de proxectos conxuntos no marco das liñas da axenda científica do IDEGA, que impliquen dous ou máis grupos de investigación adscritos ao IDEGA.

Serán conceptos financierables os seguintes:

1. Equipamento informático (incluído custos de licenzas e programas informáticos, e excluídos os de carácter xeneralista). Toda adquisición de equipamentos informáticos e de recursos tecnolóxicos deberá ter a súa xustificación en función dos requirimentos técnicos para a execución ou obxectivos do proxecto.
2. Pequeno equipamento inventariable e material funxible (excluído material de oficina e funxible informático) directamente relacionado coa actividade do proxecto.
3. Material bibliográfico, cotas de coloquios e congresos e adhesión a sociedades científicas. A adquisición de material bibliográfico ten que ser proporcionada e limitada ás dotacións necesarias para a consulta do grupo. Non se considerará nesta epígrafe o persoal colaborador externo do grupo.  
Aínda que na convocatoria non se menciona nº, en base á experiencia acumulada sobre todo nos requirimentos feitos pola Consellería, sabemos que é elixible un máximo de 3 exemplares do mesmo libro, sempre que os autores non sexan membros do proxecto.
4. Custos de matrículas e inscricións a cursos, congresos, seminarios e coloquios do persoal do proxecto.
5. Axudas de custo e locomoción de membros para a actividade obxecto da axuda.

6. Organización de actividades de transferencia, divulgación e difusión (congresos, páxinas web, cursos, simposios, foros, exposicións).
7. Publicación dos resultados da investigación en abierto (sempre e cando sexan como consecuencia da actividade do grupo).
8. Consultoría e asesoramento externo para deseñar e aplicar a estrutura e a estratexia do proxecto, así como contratación de servizos externos entendidos como actividades prestadas por terceiros de forma puntual, tales como análises e ensaios de laboratorio, enxeñaría para a montaxe e operación, estudos e actividades complementarias, asistencias técnicas e servizos equivalentes para a execución das actividades propias do proxecto.

#### **CUARTA.** Requisitos das persoas beneficiarias

Poderán acceder a solicitar estas axudas os e as investigadores/as pos doutorais vinculadas ao IDEGA como investigadores vinculados.

#### **QUINTA.** Criterios de selección e adxudicación das axudas

A ordenación das solicitudes farase de acordo cos seguintes criterios, sobre unha puntuación máxima de 10 puntos:

1. O CV presentando das persoas participantes no proxecto, no que se terán en conta as publicacións, premios e a formación relacionada co obxecto da axuda, entre outros aspectos. Este apartado suporá o 50% da valoración obtida.
2. O proxecto presentado, tendo en conta a innovación da proposta, a súa coherencia interna, a capacidade de xerar sinerxias entre os grupos de investigación do IDEGA e o seu interese académico intrínseco, que suporá o 50% da valoración obtida.

#### **SEXTA.** Presentación de solicitudes

A presentación de solicitudes farase no correo [idega@usc.gal](mailto:idega@usc.gal), achegando a seguinte documentación:

- CV normalizado en formato reducido dos/as candidatos/as (max. 4 páxinas). Cada persoa só poderá participar nun proxecto.
- Memoria do proxecto a desenvolver, especificando os campos onde se vai aplicar a axuda, a equipa coa que conta ata un máximo de 5 membros (max. 5 páxinas). Contará así mesmo cun apartado de orzamento, onde se plasmará a previsión das partidas de gasto.

Coa presentación da solicitude as persoas solicitantes asinarán unha declaración responsable manifestando que a documentación achegada e a información declarada é veraz e comprometéndose a achegar a documentación orixinal no caso de que lles fose requirida.

#### **SETIMA.** Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes rematará **o día 10 de xullo de 2025**.

## OITAVA. Órganos de selección

A Comisión de Selección será a encargada de avaliar as diferentes solicitudes e de emitir un informe no que se concrete o resultado da avaliación, tendo en conta os requisitos xerais establecidos e os criterios de selección e adxudicación previstos na base Quinta, que recollerá a ordenación de todas as solicitudes presentadas.

A Comisión de Selección será nomeada pola Dirección do IDEGA. Estará formada polo Director do IDEGA (ou persoa en quien delegue) que a presidirá, e dous/dúas investigadores/as vinculados ao IDEGA, dos que un/unha deles/as actuará como secretario/a por designación do/a Presidente/a.

## NOVENA. Proposta de resolución

A Dirección do Centro á vista do informe da Comisión de Selección, formulará a proposta de resolución que se publicará **antes do 24 de xullo de 2025**, amais de informar por correo electrónico aos beneficiarios/as, así como aos proxectos que resultaron denegados.

Por tratarse dunha convocatoria en réxime de concorrencia competitiva, a Dirección do IDEGA poderá acordar a publicación da

relación de solicitantes que constituirán a lista de agarda para o caso de que existan renuncias das persoas beneficiarias. No prazo de 3 días hábiles desde a publicación da proposta de resolución, as persoas adxudicatarias deberán comunicar a súa aceptación mediante correo electrónico dirixido a [idega@usc.gal](mailto:idega@usc.gal).

## DÉCIMA. Publicidade

Deberá ter en conta que debe publicitar convenientemente o financiamento da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades naqueles documentos destinados a visibilizar as actividades desenvolvidas no marco de execución da axuda. No caso de tratarse de presentacións, carteis, trípticos... deberá inserir o logo da Consellería que se indica a continuación:



No caso das publicacións científicas debe citar nos agradecementos á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional como finanziadora da axuda.

## UNDÉCIMA. Resolución, notificación e réxime de recursos

A Dirección do IDEGA elevará a proposta de resolución definitiva e ditará a resolución que poña fin ao procedemento. A resolución de concesión ou denegación definitiva adoptarase no prazo máximo de quince días contado desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes, e



comunicarase de acordo co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro. A falta de resolución e notificación no prazo sinalado dará lugar a que se entenda desestimadas as correspondentes solicitudes.

De conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, contra a resolución de concesión ou denegación que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso potestativo de reposición.

#### **DUODÉCIMA.** Obrigas das persoas beneficiarias

As persoas beneficiarias das axudas están obrigadas a entregar unha memoria onde se reflictan os resultados do proxecto realizado e o cumprimento dos obxectivos propostos na memoria do proxecto, **non máis tarde do 5 de decembro de 2025**.

Tamén estarán obrigadas a facer unha presentación pública de resultados nunha sesión de Seminarios do IDEGA e a citar expresamente a axuda recibida en todas as publicacións derivadas ou relacionadas.